

INSTRUCCIÓN PARA REGULAMENTAR AS

OPERACIÓNS DE PECHE DO

EXERCICIO 2020 EN RELACIÓN COA

CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS,

GASTOS E PAGAMENTOS DA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	1/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





INSTRUCCIÓN PARA REGULAMENTAR AS OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO DE 2020 EN RELACIÓN COA CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS, GASTOS E PAGAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE CORUÑA

As operacións de cerramento do exercicio de 2020, no relativo á xestión financeira dos ingresos, cobros, gastos e pagamentos, desenvolveranse consonte esta instrución.

INGRESOS E COBROS

PRIMEIRA INSTRUCIÓN: TRAMITACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS ORZAMENTARIOS

1. As cantidades pendentes de ingresar polos distintos concesionarios e arrendatarios de servizos desta universidade deberán comunicarse ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica antes do **28 de decembro de 2020**.

2. En relación coa xustificación de ingresos finalistas que financien expedientes de gasto, deberase tramitar a súa xeración con antelación suficiente ao límite sinalado na instrución segunda para a tramitación dos documentos contables. A persoa responsable da organización do curso ou da actividade deberá achegar, xunto co xustificante do ingreso, a relación das persoas que efectuaron os ingresos, o NIF destas, a data do ingreso e a aplicación orzamentaria que financia (Instrución sobre a tramitación de ingresos de cursos non regrados do 30/10/1995 e Instrución para cubrir o formulario de cursos, conferencias, relatorios, seminarios etc. e tramitar os gastos derivados destas actividades do 23/05/2017).

3. Durante os meses de novembro e decembro contabilizaranse normalmente aqueles ingresos que se reciban nas contas da UDC no devandito período e respecto dos cales se teña información sobre a súa natureza e finalidade.

4. Aqueles ingresos que se reciban no último mes do exercicio económico e respecto dos cales **non se teña información** acerca da súa natureza e finalidade contabilizaranse ao final do exercicio con carácter provisional, no concepto non orzamentario de «Ingresos pendentes de aplicación». Para proceder á súa xeración no exercicio de 2020, a persoa responsable deberá comunicar coa data límite do **29 de xaneiro de 2021** a natureza e a finalidade do devandito ingreso.

GASTOS E PAGAMENTOS

SEGUNDA INSTRUCIÓN: TRAMITACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTOS E PAGAMENTOS ORZAMENTARIOS

1. En relación coa tramitación dos expedientes de gastos e pagamentos, determínase o seguinte:

a) Os compromisos de gasto de tracto sucesivo deberán estar formalizados contablemente (fases **D** ou **AD**) coa data límite do **16 de novembro de 2020**, e de acordo co establecido na LCSP e as Instrucións da UDC en materia económica e de contratación administrativa. Nos expedientes de gasto de tracto sucesivo e gasto estimativo (auga, gas, luz etc.) o

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	2/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





compromiso de gasto formalizado en 2020 deberá ser suficiente para financiar as obrigas que posteriormente se deriven da súa prestación¹.

b) As datas límite de recepción no Servizo de Intervención de documentos contables serán as seguintes:

- Día **27 de novembro de 2020**: documentos en fase RC, documentos A e AD. De exercicio corrente e plurianuais.
- Día **14 de decembro de 2020**: documentos D de exercicios correntes e plurianuais.
- Día **11 de decembro de 2020**: resto de documentos contables, incluídos aqueles en fase ADO/O, sen retención do IRPF.

As datas anteriores tamén se aplicarán para enviar, ao enderezo de correo electrónico doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal, as solicitudes de contabilización dos expedientes de gastos exentos de intervención limitada previa de acordo coa RR do 31/05/2018, prorrogada para o exercicio 2020 pola RR do 27/12/2019 (en diante, exentos).

c) Os expedientes de gasto que, por circunstancias xustificadas, non poidan chegar á fase **O** nas datas indicadas no parágrafo anterior, isto é, que non teñan factura, deberán enviarse ao Servizo de Intervención ou ao correo doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal, para os exentos, até o **27 de decembro de 2020**. Esta é a data límite para tramitar os expedientes de gasto que por causas xustificadas non puidesen tramitarse con anterioridade, suposto en que se inclúen os expedientes de gasto de tracto sucesivo (lecturas de contadores de fotocopiadoras do mes de decembro, servizos de limpeza, mantementos, seguridade etc.). No caso de que non se dispoña de factura antes do remate do ano o expediente tramitarase no exercicio de 2021.

Para os expedientes de gasto que, con data do 31 de decembro de 2020, estean en fase **AD, D**, previamente deberá tramitarse no exercicio de 2021 o expediente de incorporación de créditos.

Os expedientes de gasto exentos para os que non se chegue no exercicio de 2020 á fase **O, ADO**, por non ter factura, deberán tramitarse no exercicio de 2021, nos termos establecidos na RR de exención de fiscalización. No caso de documentos **D, AD**, unha vez incorporados os créditos formalizárase o documento contable que se tramitará a exención ou a fiscalización conforme o establecido na RR anual de exención de fiscalización, acompañarase dos documentos contabilizados en 2020, como exentos².

d) O **11 de novembro de 2020** é a data límite para que a documentación dos expedientes de compromiso de gasto con cargo a fondos propios estea en poder do Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica, as administracións dos centros, os negociados de asuntos económicos dos centros de gasto e as outras unidades administrativas que teñan ao seu cargo a tramitación económica, para a elaboración do documento contable.

¹ Para o cumprimento deste apartado deberá revisarse no exercicio económico de 2020 o compromiso contraído. De ser necesario, tramitarase neste exercicio o documento AD/D complementario, ao cal se xuntará a xustificación do incremento.

² Achegarase ademais o soporte documental que corresponda a cada expediente de gasto.

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	3/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





e) Tamén o **11 de novembro de 2020** será a data límite para que a documentación dos expedientes de compromisos de gasto **con cargo a fondos alleos ou finalistas** (cursos con financiamento externo, convenios e contratos do artigo 83 da LOU financiados con fondos alleos, axudas externas a investigadores, proxectos investigación etc.) estea en poder do Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica, as administracións dos centros, os negociados de asuntos económicos dos centros de gasto e as outras unidades administrativas que teñan ao seu cargo a tramitación económica, para a elaboración do documento contable.

Para os expedientes de gasto financiados con fondos finalistas (europeos, estatais, autonómicos e contratos do artigo 83 da LOU con financiamento alleo) e suxeitos ao prazo de execución que remata o **31 de decembro de 2020** ou no **primeiro trimestre do 2021**, a Xerencia poderá autorizar unha excepción do cumprimento dos prazos establecidos nesta instrución, o que fará mediante unha resolución motivada e por pedimento da unidade responsable da axuda, no cal xustificará a urxente e inaprazable necesidade do gasto. O pedimento motivado do/a IP deberá ter entrada na Xerencia non máis tarde do **16 de novembro de 2020**. Ao expediente de gasto deberá unirse a autorización da Xerencia. Estes expedientes tramitaranse individualizadamente, en todas as súas fases, e indicárase que se tramitan de acordo co punto 1.e) desta instrución.

f) No caso das convocatorias de axudas para a mobilidade, financiadas con achegas da Comisión Europea, a través do SEPIE, programa Erasmus+ (acción KA103 e KA107 para SMS, SMT, STA, STT) e/ou fondos da UDC destinados á mobilidade internacional Erasmus+ como cofinanciamento ou como anticipo, autorízase a tramitación polo/a responsable de asuntos económicos de compromisos de gastos de exercicio corrente e/ou futuro(s) até o **16 de decembro de 2020**. As solicitudes deberán enviarse ao/á responsable de asuntos económicos non máis tarde do **11 de decembro de 2020**³.

g) A tramitación dos expedientes de gasto e pagamento referidos ás axudas consecuencia das convocatorias da Xunta de Galicia aterase aos prazos específicos que determine a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia⁴.

Os expedientes de gasto ou pagamento que sexan obxecto de declaración en concepto do IRPF rexeranse segundo o disposto no punto 3 da instrución segunda.

2. Os expedientes de gasto que, con data do **31 de decembro de 2020**, non estean en fase ADO/O quedarán anulados de pleno dereito. **Todos os compromisos económicos existentes que non figuren formalizados contablemente en fase D, consonte o que se determine para a incorporación de créditos ao exercicio de 2021, serán anulados en todas e cada unha das aplicacións orzamentarias (ANEXO I).**

³ Inclúense as reanualizacións, dentro dos límites establecidos no artigo 58 do DL 1/1999, polo que se aproba o TRLRFOG.

A excepción adecuarase aos prazos e condicións requiridos polo financiador.

⁴ Deben terse tamén en conta os expedientes afectados pola RR do 14/09/2017, que modifica a RR do 07/04/2017, para a tramitación orzamentaria, económico-administrativa e a operatoria contable que se debe seguir nos expedientes de gasto relativos á contratación laboral de persoal con financiamento alleo, de carácter plurianual, en que se estableza unha data límite de xustificación, por anualidade, anterior á finalización do exercicio orzamentario. Para estes anticipos, no caso de non poder acadar a fase O en 2020, deberá quedar formalizado neste exercicio o compromiso de gasto (fase AD).

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	4/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





Non obstante, esta anulación non será de aplicación ás convocatorias de bolsas e axudas realizadas durante o exercicio de 2020 que se atopen na fase A con data do **31 de decembro de 2020** (a fase A deberá estar validada contablemente no sistema contable UXXI-EC).

Con data do **4 de xaneiro de 2021** anularanse os permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2020.

3. En relación cos expedientes de gasto que **sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF**, estarase ao seguinte⁵:

a) Todo expediente de gasto en fase **ADO/O** suxeito a retención en concepto de **IRPF** (bolsas, conferencias, asistencias⁶, IRS, facturas, alugueiros, traballos de colaboración etc.) terá como data límite de recepción no Servizo de Intervención ou no Servizo de Xestión Financeira, para os exentos, o **23 de novembro de 2020**.

Os expedientes de gasto con retención do IRPF deberán ser remitidos ao Servizo de Intervención **de forma separada** respecto do resto dos expedientes de gasto, debidamente identificados e coa indicación de que se realizan ao abeiro do disposto neste parágrafo da segunda instrución de cerramento.

A Xerencia declara estes expedientes de gasto **de urxencia** para os efectos da súa fiscalización e o seu pagamento.

Para a remisión destes expedientes é obrigatorio empregar o **ANEXO II** que se xunta con esta instrución.

Na parte superior de cada documento contable deberá engadirse o indicador «IRPF» en cor vermella, para a súa mellor identificación.

Estes expedientes de gasto deberán estar pagados antes do peche da nómina de decembro, e coa suficiente antelación para que o Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social poida ter en conta as contías das retencións, con vistas a, de ser o caso, proceder á regularización das retencións do IRPF no mes de decembro.

No caso de que con cargo ás provisións de ACF se imputen gastos correspondentes a financiamento alleo finalista, estes expedientes de gasto adecuaranse, na súa tramitación, as condicións establecidas na normativa que regule cada axuda. Na conta xustificativa de ACF deberán indicarse o financiamento a que se imputa o gasto e as situacións particulares en que se incorre (anticipos por estadias, pagamentos anticipados de IRS etc.).

b) Anticipos de IRS: non se autorizarán anticipos para xustificar IRS, conforme o establecido na RR do 23/04/2018⁷, a partir do día **16 de novembro de 2020**. Os anticipos pendentes de xustificar na data límite de recepción das contas xustificativas (quinta instrución, apartado 1) rexeranse polo procedemento establecido no **ANEXO IV**.

⁵ Lémbrese que, como norma xeral, en razón a súa contía, estes expedientes de gasto estarán excluídos de intervención previa, salvo os supostos exceptuados recollidos na RR do 31/05/2018, prorrogada para o exercicio de 2020 pola RR do 27/12/2019.

⁶ Incluídas as asistencias a tribunais de selección e outras asistencias a órganos colexiados que correspondan.

⁷ RR que modifica a RR do 16/07/2002, de instrucións para a tramitación de indemnizacións por razón do servizo. https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2018/001289.

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	5/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





c) Os expedientes de gasto correspondentes a IRS, conferencias e asistencias a tribunais ou outros órganos de selección, de financiamento propio da UDC, que se tramiten despois do **21 de novembro e até o 30 de decembro** imputaranse ao crédito inicial do exercicio de 2021. A imputación será autorizada por resolución conxunta da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e a Xerencia. A imputación deberá ser solicitada polo/a responsable da partida e o/a responsable de asuntos económicos. Para autorizarse a imputación ao exercicio de 2021 deberá acreditarse a existencia de saldo suficiente na partida con data do 31 de decembro de 2020, a nivel da vinculación establecida nas bases de execución do orzamento. No caso de que o saldo de crédito do exercicio de 2020 fose insuficiente, o expediente de gasto deberá enviarse para ser validado pola Comisión Delegada de Asuntos Económicos (en diante, CAE) en 2021. A persoa responsable do crédito deberá xustificar as razóns da formalización do gasto sen cobertura económica.

A tramitación para a CAE efectuarase por medio do SIGEM, de acordo coa Instrución conxunta, do 16/01/2019, da Xerencia e a extinta Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (actual Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica).

No **ANEXO III** fómese o modelo de solicitude de imputación ao exercicio de 2021, que deberá ser asinada por medio do portafirmas, segundo a seguinte orde:

- 1.º Xefe/a do negociado de asuntos económicos.
- 2.º Director/a do centro de gasto.
- 3.º Xerente/a.
- 4.º Vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica.

A data límite para tramitar estas solicitudes de imputación será o **1 de marzo de 2021**.

No caso de financiamento alleo, a solicitude de imputación do gasto ao exercicio de **2021**, adecuarase á vixencia e as condicións da axuda.

d) Os anticipos que se concedan na anualidade de 2020, con cargo ao crédito de anualidade(s) de posterior(es), de proxectos da Xunta, tramitaranse de acordo co establecido na RR do 14/09/2017, que modifica a RR do 07/04/2017, para a tramitación orzamentaria, económico-administrativa e a operatoria contable que se debe seguir nos expedientes de gasto relativos á contratación laboral de persoal con financiamento alleo, de carácter plurianual, en que se estableza unha data límite de xustificación, por anualidade, anterior á finalización do exercicio orzamentario.

e) Os servizos que xestionen recursos humanos (PAS, PDI, investigación) remitirán ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, non máis tarde do **30 de novembro de 2020**, os partes que correspondan ás altas/incidencias que afecten á nómina do mes de decembro.

As nóminas elaboradas polo Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, para a percepción dos haberes do mes de decembro, deberán estar no Servizo de Xestión Financeira o **16 de decembro de 2020**. O seu aboamento producirase a partir do **21 de decembro de 2020**.

Os servizos xestores verificarán que as aplicacións financiadoras contan con crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao pagamento dos haberes do mes de decembro e das cotizacións correspondentes.

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	6/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





Os TC da Seguridade Social de novembro deberán ser presentados no Servizo de Xestión Financeira coa data límite do **21 de decembro de 2020**.

Os TC da Seguridade Social de decembro deberán ser presentados no Servizo de Xestión Financeira coa data límite do **21 de xaneiro de 2021**.

4. Lémbrese que os expedientes de gasto que se remitan para fiscalizar ou, de ser o caso, para contabilizar polo SIGEM, pola Xerencia, deberán ir acompañados da totalidade da documentación que estableza a normativa aplicable en cada caso. No suposto de que os expedientes estean incompletos devolveranse ao órgano xestor sen fiscalizar ou contabilizar no UXXI-EC.

TERCEIRA INSTRUCIÓN: GASTOS PLURIANUAIS

Os compromisos con cargo a exercicios futuros (gastos plurianuais) terán como data límite de formalización no UXXI-EC o día **20 de novembro de 2020**.

CUARTA INSTRUCIÓN: DAS SOLICITUDES DE PAGAMENTOS AO EXTERIOR

Só se tramitarán con cargo ao exercicio de 2020 os pagamentos que se reciban no Servizo de Xestión Financeira coa **data límite do 11 de novembro de 2020**.

QUINTA INSTRUCIÓN: DA CONTA DE ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DOS SERVIZOS CENTRAIS E CENTROS

1. As datas límite de recepción das contas xustificativas no Servizo de Intervención⁸ serán as seguintes:

a) Para expedientes que sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF e IRS: **23 de novembro de 2020**.

Estes expedientes de gasto con desconto do IRPF deberán ser remitidos ao Servizo de Intervención **de forma separada** do resto dos expedientes de gasto, coa indicación de que se realizan ao abeiro do disposto neste parágrafo da segunda instrución de peche.

b) Para o resto dos expedientes: **10 de decembro de 2020**.

2. Unha vez recibidas todas as reposicións de ACF, reintegrarase o importe do acordo de caixa do exercicio de 2020 aos servizos centrais e achegarase o impreso de conciliación da conta con data de referencia do 31 de decembro de 2020. Este reintegro, na conta xeral aberta na entidade Abanca co número **ES08 2080 0000 7531 1000 3268**, efectuarase obrigatoriamente **antes do 14 de xaneiro de 2021**. Non se poderá utilizar este acordo de caixa para atender gastos do orzamento de 2021.

Unha vez recibido o reintegro do acordo de caixa do exercicio de 2020, dotarase a conta de ACF co novo acordo do exercicio de 2021.

3. As caixas habilitadas pola UDC deberán presentar na Sección de Tesouraría a conciliación correspondente (libro de caixa, ADO xustificativos e remanente en metálico sobrante) coa data límite do **10 de decembro de 2020**.

⁸ Lémbrese que pola RR do 31/05/2018, prorrogada para o exercicio 2020 pola RR do 27/12/2019, o importe exceptuado de intervención previa para as contas xustificativas de reposición queda establecido en 3000 € (IVE incluído).

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	7/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





4. O Servizo de Xestión Financeira comprobará coa data límite do **1 de febreiro de 2021** que todas as dotacións de ACF están reintegradas nas súa totalidade.

SEXTA INSTRUCIÓN: MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

As modificacións orzamentarias terán como data límite para a súa tramitación o **30 de novembro de 2020, a excepción das que afecten ao capítulo I «Gastos de persoal», que poderán tramitarse até o 15 de decembro.**

Os expedientes de modificación orzamentaria deberán estar completos.

Con cargo aos ingresos contabilizados durante os meses de novembro e decembro de 2020, e coa finalidade de estaren actualizados os créditos orzamentarios para a súa incorporación, deberán tramitarse as modificacións orzamentarias (xeracións) que sexan consecuencia de ingresos de carácter finalista (proxectos de investigación, axudas, convenios, facturación, cursos etc.) coa data límite do **15 de decembro de 2020**. De recibirse ingresos con posterioridade a esta data, o Servizo de Xestión Financeira deberá efectuar as modificacións necesarias para proceder á súa imputación ao exercicio de 2020 non mais tarde do **29 de xaneiro de 2021**. As xeracións de crédito de financiamento alleo, de ingresos da Administración Xeral do Estado e dos seus entes dependentes, da Xunta de Galicia e das súas entidades dependentes e de fondos europeos, adecuaranse as condicións establecidas no financiamento recibido.

SÉTIMA INSTRUCIÓN: SOLICITUDES DE EMISIÓN DE FACTURAS E CARGOS

O prazo de solicitude de emisión de facturas e cargos rematará o día **20 de novembro de 2020**.

OITAVA INSTRUCIÓN: VALIDACIÓN/CONTABILIZACIÓN

Os expedientes de gastos financiados con cargo a axudas financiadas pola Xunta de Galicia e as súas entidades vinculadas ou dependentes, que deban xustificarse antes do remate do exercicio, non fosen fiscalizados e se envíen para que, de ser o caso, a Xerencia autorice a súa contabilización polo SIGEM, deberán ir acompañados da xustificación do motivo do incumprimento, asinada pola persoa responsable do crédito e da documentación necesaria, segundo se establece na Instrución conxunta, do 16/01/2019, da Xerencia e a extinta Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (actual Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica) en relación co procedemento electrónico de solicitude de validación/imputación/contabilización dos expedientes de gasto⁹.

Estes expedientes de gasto deberán ter entrada na Xerencia **non máis tarde do 11 de novembro de 2020**.

En todo caso, para contabilizar estes expedientes de gasto con financiamento alleo, na súa execución e tramitación deberán cumprirse os requisitos establecidos na normativa reguladora de cada axuda. No caso de se detectar incumprimentos, as obrigas pendentes deberán financiarse cos fondos propios que indique a persoa responsable do crédito.

Os expedientes de gasto que se remitan para os validar a CAE deberán estar presentados no SIGEM non máis tarde do **17 de novembro de 2020**. Este prazo **non poderá ampliarse**.

⁹ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2019/000230.

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	8/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		



**NOVENA INSTRUCIÓN: EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA**

A partir do **30 de outubro de 2020** non se poderán tramitar propostas de contratación administrativa dos procedementos establecidos na LCSP.

DÉCIMA INSTRUCIÓN: TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES

Lémbrese a obrigatoriedade da tramitación anticipada de expedientes con cargo ao crédito inicial do exercicio de 2021 cando sexa necesario que a execución dun expediente se inicie a principios do devandito exercicio, segundo o procedemento previsto para o efecto na Instrución da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto do 13/10/2020¹⁰.

Por Resolución conxunta do 13/10/2020 da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e da Xerencia, pola que se establece o prazo de presentación das solicitudes de tramitación anticipada do gasto para o exercicio de 2021, o prazo para a tramitación de expedientes anticipados de gasto rematará o **6 de novembro de 2020**¹¹.

DÉCIMO PRIMEIRA INSTRUCIÓN: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CAPÍTULO VI

Para os contratos laborais temporais que rematan o 31 de decembro de 2020 deberán terse en conta as normas de peche do exercicio de 2020. Por este motivo, establécese como último día para solicitar as prórrogas correspondentes o **6 de novembro de 2020**.

Os documentos plurianuais só se poderán formalizar coa data límite do 20 de novembro de 2020.

No caso de que se queira solicitar algunha contratación que **deba iniciarse** no mes de xaneiro de 2021, cómpre que se inicien os trámites coa suficiente antelación (publicación, solicitude etc.). As solicitudes de contratación deberán entrar no Servizo de Investigación ou PAS coa **data límite do 6 de novembro de 2020** para que se realice a tramitación anticipada do expediente.

DÉCIMO SEGUNDA INSTRUCIÓN: EXCEPCIÓN DOS PRAZOS

A Xerencia poderá autorizar excepcións oss prazos previstos nesta instrución. A excepción requirirá un escrito motivado dirixido á Xerencia, que debe enviarse a través do NAAEE ou do/a responsable de asuntos económicos de cada centro¹².

DÉCIMO TERCEIRA INSTRUCIÓN: TRÁMITES ORZAMENTARIOS QUE DEBEN REALIZAR OS USUARIOS DO SISTEMA UXXI-EC

Lémbrese a todas as persoas usuarias do sistema informático UXXI-EC que, a partir da publicación desta instrución, cómpre que se revise a base de datos que corresponda a cada usuario/a e se eliminen os documentos contables e xustificantes de gasto sen asentar, de acordo coas pautas que se detallan no **ANEXO I** que se xunta.

¹⁰ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2020/009577.

¹¹ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2020/009590.

¹² Cómpre xustificar a urxente e inaprazable necesidade de tramitar o expediente de gasto no exercicio económico de 2020 e sinalar a fase en que se atopa o gasto: A/AD/ADO/O.

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	9/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		



**DÉCIMO CUARTA INSTRUCCIÓN. OPERACIÓNS QUE SE FINANCIEN CON CARGO AO EXERCICIO DE 2020**

As operacións que se financien con cargo ao exercicio de 2020 e que se realicen en 2021 levarán data do 31/12/2020 no UXXI-EC, sen prexuízo de que a contabilización dos documentos e os actos de que se deriven teñan data posterior.

DÉCIMO QUINTA INSTRUCCIÓN. DOCUMENTOS PENDENTES DE VALIDAR NO EXERCICIO DE 2020

Antes de finalizar o exercicio, o/a responsable de asuntos económicos do centro de gasto que corresponda deberá comprobar que todos os documentos contables están validados.

Os documentos sen validar serán borrados do sistema, agás que por erro quedasen sen validar. Neste último caso, solicitarase á Xerencia a súa validación mediante escrito razoado de por que quedou sen validar, acompañado de toda a documentación do expediente.

DÉCIMO SEXTA INSTRUCCIÓN. INFORMACIÓN DE OBRIGAS PENDENTES

Se, unha vez tramitados todos os pagamentos con cargo ao exercicio de 2020, o Servizo de Xestión Financeira advirte da existencia dalgunha obriga pendente, remitirá a información ao/á responsable de asuntos económicos do centro de gasto que corresponda, que deberá xustificar no prazo de cinco días, contados desde o seguinte á recepción do escrito/correo electrónico, se se corresponde cunha obriga real ou debe procederse á baixa do saldo pertinente.

DÉCIMO SÉTIMA INSTRUCCIÓN. RELACIÓN DE OR/DR

O Servizo de Xestión Financeira remitirá á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e a Xerencia, non máis tarde do 29 de xaneiro de 2021, a relación de obrigas recoñecidas e pendentes de pagamento con data do 31/12/2020, así como a relación de dereitos recoñecidos e pendentes de cobramento con data do 31/12/2020. Incorporarase toda a información adicional que cumpra.

DÉCIMO OITAVA INSTRUCCIÓN. ELABORACIÓN DE CONTAS ANUAIS

A UDC elaborará as súas contas anuais do exercicio de 2020 nos prazos establecidos na normativa. As devanditas contas serán postas á disposición dos auditores externos para a súa revisión e posterior aprobación polo Consello de Goberno e o Consello Social.

INSTRUCCIÓN FINAL: REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A documentación suxeita a prazo nestas instrucións presentarase, debidamente identificada, nos servizos ou unidades administrativas que se indican.

É obrigatorio utilizar os modelos que acompañan a esta instrución.

O último día de prazo de todos os trámites a documentación tamén poderá presentarse na Secretaría da Xerencia ou na Vicerreitoría do Campus de Ferrol.

Asinado dixitalmente polo xerente.

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	10/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





RESUMO DE TRÁMITES E PRAZOS ORDENADOS CRONOLÓXICAMENTE

TRÁMITE	PRAZOS
Data límite para a tramitación de propostas de contratación administrativa (LCSP)	30/10/2020
Data límite da solicitude de prórrogas para contratos laborais (capítulo VI) que rematen o 31/12/2020	06/11/2020
Data límite de envío ao Servizo de Investigación ou PAS das solicitudes de contratación que deban iniciarse no mes de xaneiro de 2021	06/11/2020
Data límite para a tramitación de expedientes anticipados de gasto	06/11/2020
Data límite do envío ao Servizo de Xestión Financeira das solicitudes de pagamentos ao exterior	11/11/2020
Data límite para que os expedientes de compromiso de gasto con cargo a fondos propios estean en poder da unidade xestora	11/11/2020
Data límite para que os expedientes de compromiso de gasto con cargo a fondos alleos ou finalistas (cursos con financiamento externo, convenios e contratos do artigo 83 da LOU financiados con fondos alleos, axudas externas a investigadores, proxectos de investigación etc.) estean en poder da unidade xestora	11/11/2020
Expedientes de gastos financiados con cargo a axudas da Xunta de Galicia e as súas entidades vinculadas ou dependentes, que deban xustificarse antes do remate do exercicio, non fosen fiscalizados e se envíen para que, de ser o caso, a Xerencia autorice a súa contabilización polo SIGEM	11/11/2020
Solicitude de excepción canto aos prazos para expedientes de gasto con cargo a fondos finalistas suxeitos a prazo de execución (31/12/2020 ou primeiro trimestre de 2020)	16/11/2020
Data límite para a solicitude de anticipos para xustificar IRS conforme o establecido na RR do 23/04/2018 (ANEXO IV)	16/11/2020
Data límite para a formalización contable de compromisos de gasto, incluídos os de tracto sucesivo, en fase D ou AD	16/11/2020
Data límite para a presentación no SIGEM de expedientes de gasto para validar/imputar no exercicio de 2020	17/11/2020
Data límite da formalización no UXXI-EC de compromisos plurianuais adquiridos durante o exercicio de 2020 (inclúense tamén os compromisos plurianuais dos contratos laborais do capítulo VI)	20/11/2020

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	11/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





TRÁMITE	PAZOS
Data límite para o envío ao Servizo de Intervención ou ao Servizo de Xestión Financeira (exentos) de documentos contables en fase ADO/O suxeitos ao IRPF (bolsas, conferencias, asistencias, axudas de custo, facturas etc.)	23/11/2020
Data límite para o envío, de forma separada, ao Servizo de Intervención das contas xustificativas de anticipos de caixa fixa do IRPF e IRS	23/11/2020
Data límite de solicitude de emisión de facturas e cargos	25/11/2020
Data límite para o envío de documentos contables en fase RC/A/AD ao Servizo de Intervención, ou ao correo electrónico de exentos de acordo coa RR do 31/05/2018. De exercicio corrente e de plurianuais	27/11/2020
Data límite para a tramitación das modificacións orzamentarias, a excepción das que afecten ao capítulo I «Gastos de persoal»	30/11/2020
Data límite para o envío ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, por parte dos servizos que xestionan recursos humanos (PAS, PDI e investigación), dos partes de altas/incidencias que afecten á nómina do mes de decembro	30/11/2020
Data límite da liquidación das caixas habilitadas e envío da conciliación á Sección de Tesouraría.	10/12/2020
Data límite para o envío ao Servizo de Intervención das contas xustificativas de anticipos de caixa fixa sen IRPF nin IRS	10/12/2020
Data límite para o envío de documentos contables en fase ADO/O sen retención do IRPF ao Servizo de Intervención ou ao correo electrónico de exentos pola RR do 31/05/2018	11/12/2020
Data límite para o envío de solicitudes, ao/á responsable de asuntos económicos, dos compromisos de gasto de convocatorias de axudas para a mobilidade, financiadas con achegas da Comisión Europea, a través do SEPIE, programa Erasmus+	11/12/2020
Data límite para o envío de documentos contables en fase D ao Servizo de Intervención, ou envío ao correo electrónico de exentos pola RR do 31/05/2018. De exercicio corrente e plurianuais	14/12/2020
Data límite para a tramitación das modificacións orzamentarias do capítulo I «Gastos de persoal»	15/12/2020
Data límite para a tramitación das xeracións de carácter finalista para a actualización dos créditos que se incorporarán	15/12/2020

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	12/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





TRÁMITE	PRAZOS
Data límite para a tramitación, polo/a responsable de asuntos económicos, dos compromisos de gasto de exercicio corrente e futuro, de convocatorias de axudas para a mobilidade, financiadas con achegas da Comisión Europea, a través do SEPIE, programa Erasmus+	16/12/2020
Data límite para o envío ao Servizo de Xestión Financeira da nómina de decembro de 2020	16/12/2020
Aboamento da nómina de decembro de 2020	A partir do 21/12/2020
Data límite para o envío ao Servizo de Xestión Financeira dos TC da Seguridade Social (novembro de 2020)	21/12/2020
Data límite para o envío ao Servizo de Intervención ou o correo electrónico de exentos de expedientes de gasto que non poidan chegar á fase O (sen factura), por circunstancias xustificadas, no exercicio de 2020	27/12/2020
Data límite para o envío ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica dos ingresos pendentes por parte de concesionarios/as e de arrendatarios/as	28/12/2020
Anulación de expedientes de gasto que non estean en fase ADO/O con data do 31 de decembro de 2020 (ANEXO I)	31/12/2020
Anulación de permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2020	04/01/2021
Data límite de reintegro da conta de anticipos de caixa fixa, na conta xeral de Abanca, e envío do impreso de conciliación da conta (data de referencia do 31/12/2020)	14/01/2021
Data límite para o envío ao Servizo de Xestión Financeira dos TC da Seguridade Social (decembro de 2020)	21/01/2021
Data límite de comunicación, pola persoa responsable, da identificación de ingresos (natureza e finalidade), de novembro e decembro de 2020, e o seu tratamento contable	29/01/2021
No tocante aos ingresos que se reciban con posterioridade ao 15 de decembro, o Servizo de Xestión Financeira deberá efectuar as modificacións necesarias para proceder á súa imputación ao exercicio de 2020 non máis tarde do 29 de xaneiro de 2021	29/01/2021
O Servizo de Xestión Financeira remitirá á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e a Xerencia unha relación das obrigas recoñecidas e pendentes de pagamento con data do 31/12/2020, así como unha relación dos dereitos recoñecidos e pendentes de cobramento coa data do 31/12/2020	29/01/2021

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	13/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





TRÁMITE	PRAZOS
Data límite para que o Servizo de Xestión Financeira comprobe que todas as dotacións de ACF están reintegradas na súa totalidade	01/02/2021
Data límite para solicitar a imputación no exercicio de 2020 de IRS, conferencias e asistencias a tribunais ou outros órganos de selección tramitadas entre o 21/11/2020 e o 30/12/2020	01/03/2021

Código Seguro De Verificación	Zc+6AlhW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	14/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6AlhW/xvcrqow64ySeg==		



**ANEXO I. EXPEDIENTES DE GASTO QUE CON DATA DO 31 DE DECEMBRO NON ESTEAN EN FASE ADO/O**

Os expedientes de gasto que con data do 31 de decembro de 2020 se atopen en reserva de crédito, retención de crédito ou nas fases A, AD ou D, e teñan crédito comprometido que non sexa obxecto de incorporación, deberán anularse no sistema informático UXXI-EC mediante o seguinte procedemento:

- a) Anulación da reserva de crédito.
- b) Elaboración dun documento contable negativo do documento que vai ser anulado (RC-A/-D/-AD/).

Para elaborar o documento contable negativo do documento que vai ser anulado procederase do xeito seguinte:

Desde o *Módulo Docuconta* consulte polo número do documento que vai anular e ábrao. Situado enriba do documento vaia á ficha *General = Anular Documento Activo* e aparecerá automaticamente na pantalla o documento negativo. Só ten que cambiar na ficha *Aplicaciones* o importe que se vai anular, agás que haxa que anular a totalidade. Na ficha *Contables*, no texto libre, indique que se anula polo motivo que proceda. Finalmente, gárdeoe e xa está anulado.

Unha vez impreso, deberá achegalo para a súa fiscalización, xunto co documento positivo orixinal, ao Servizo de Intervención. Unha vez que estea fiscalizado, será devolto ao centro para o seu arquivo.

Para liberar o crédito, ademais, deberá continuar anulando o expediente de reserva de crédito do seguinte xeito:

Desde o *Módulo Documenta*, ficha *General = Nuevo Expediente Negativo*, onde aparece o expediente anterior, indique o número de expediente que desexa anular (que aparece tanto no documento contable positivo como no negativo, pois é o mesmo número). Comprobe que na ficha de *Datos Orzamentarios* coincida o importe que aparece co que se vai anular e gárdeoe.

Así mesmo, tamén procederá a anular os documentos contables de exercicios futuros que non deban manter a súa vixencia no exercicio de 2021.

Todos estes trámites referidos aos correspondentes documentos contables deberán estar rematados antes do **31 de decembro de 2020**.

Con data do **4 de xaneiro de 2021** anularanse os permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2020. Se con posterioridade á devandita data fose necesario realizar algún trámite orzamentario, deberá solicitarse á Xerencia facelo, indicando os motivos para que desde os Servizos Centrais se efectúen os trámites orzamentarios oportunos.

Cada usuario/a deberá revisar e solucionar aqueles trámites orzamentarios que por algunha circunstancia non acadaron a súa finalidade.

Unha vez realizadas estas operacións, os/as responsables de asuntos económicos de cada centro de gasto remitirán ao Servizo de Xestión Financeira o **ANEXO V** debidamente cuberto

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	15/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





Xerencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

e asinado. Este anexo enviarase por correo electrónico ao enderezo de correo electrónico sxfinanceira@udc.gal non máis tarde do **4 de xaneiro de 2021**.

Código Seguro De Verificación	Zc+6AlhW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	16/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6AlhW/xvcrqow64ySeg==		





ANEXO II. RELACIÓN DE DOCUMENTOS CONTABLES CON IRPF (PRAZO DE TRAMITACIÓN)

Centro de gasto:

Remítolle, para fiscalizar, os seguintes documentos contables con **IRPF** (bolsas, conferencias, asistencias, indemnizacións por razón do servizo ou IRS, facturas, alugueiros, traballos de colaboración etc.), suxeitos ao prazo de tramitación establecido na Instrución de cerramento do exercicio económico de 2020:

(Na parte superior de cada documento contable debe vir o indicador «IRPF» en cor vermella.)

NÚM. DOC. ADO/O	NÚM. DOC. ADO/O

A Coruña/Ferrol, de de

O/a responsable de AA. EE.

Asdo.:

Servizo de Intervención

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: CP2LR6JOLQFM27R18LAPB5UJ Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de Coruña. Fecha de creación: 26/10/2020 14:16:31 Página 17 de un total de 21 página(s).

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	17/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		



ANEXO III. MODELO SOLICITUDE DE IMPUTACIÓN¹³


1) RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTOS DO EXERCICIO DE 2020 PARA IMPUTAR AO EXERCICIO DE 2021

Centro de gasto:

FAISE CONSTAR que os expedientes relacionados foron recibidos na unidade responsable da tramitación entre o 22/11/2020 e o 30/12/2020. Por esta razón, non foi posible a súa imputación no exercicio de 2019. Non obstante, faise constar que con data do 31/12/2020 había crédito axeitado e suficiente para a súa formalización contable nas partidas que se indican.

NOME E APELIDOS (indicar o/a comisionado/a, conferenciante e asistencias a tribunais)	PARTIDA	IMPORTE	SALDO DISPONIBLE NA PARTIDA CON DATA DO 31/12/2020	PARTIDA DO EXERCICIO 2021 (debe ser unha partida homóloga á do exercicio 2020)

¹³ O ANEXO III e o expediente de gasto asinado, deberán remitirse ao SIGEM para a súa imputación ao exercicio de 2021.

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrgow64ySeg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28	
Observacións		Páxina	18/21	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrgow64ySeg==			

2) Xúntase a este anexo un PDF co Informe de saldos de 2020 (UXXI-EC) da(s) partida(s) anteriormente relacionada(s), que acredita a existencia de saldo dispoñible suficiente no exercicio de 2020 para financiar os gastos detallados neste anexo.

Asinado dixitalmente polo/a:

- xefe/a do Negociado de Asuntos Económicos
- director/a do centro de gasto


Vista a solicitude de imputación que se achega, e unha vez verificada a existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio de procedencia, conforme o establecido na Instrución de peche do exercicio de 2019, autorízase a imputación ao exercicio de 2020. Na solicitude exponse que os expedientes de gasto detallados non puideron imputarse ao exercicio de 2019 por corresponder a accións realizadas con posterioridade á data límite establecida na citada instrución de peche para a súa formalización contable.

De conformidade co que antecede, RESOLVEMOS:

- a) Autorizar a imputación proposta.
- b) Financiar os expedientes de gasto relacionados con cargo aos fondos consignados nas aplicacións indicadas neste anexo e correspondentes ao exercicio de 2021.

Asinado dixitalmente polo/a:

- xerente/a
- vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrgow64ySeg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28	
Observacións		Páxina	19/21	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrgow64ySeg==			

**ANEXO IV. PROCEDEMENTO PARA ANTICIPOS DO ANO 2020 PENDENTES DE XUSTIFICAR NO ANO 2021**

Os anticipos para xustificar as IRS que se concedan en 2020 e que queden pendentes de xustificar ao peche do exercicio (pendentes de liquidar en 2020) conforme o establecido na RR do24/04/2018, imputaranse ás provisións de ACF do exercicio de 2020.

No momento de facer a conta xustificativa de reposición de ACF, ao estar a actividade pendente de xustificar até o exercicio seguinte, deberá indicarse esta circunstancia na descrición dos xustificantes de gastos (*anticipo pagado con data do XX/XX/XXXX para a actividade XXXXXX, que se realizará o XX/XX/XXXX*). No texto libre do ADO de reposición indicárase «PENDENTE DE XUSTIFICAR».

Unha vez que se xustifiquen os gastos en 2021, e en función do resultado da liquidación do/a comisionado/a, darase un dos seguintes casos:

1. Liquidación a favor da UDC: no caso de que o/a comisionado/a teña que devolver importes percibidos no exercicio anterior, estas contías reintegraranse ao tesouro da UDC na conta xeral do Banco Santander (ES83 0049 0007 2326 1207 1316).

2. Liquidación a favor do/a comisionado/a: no caso de ter que aboar contías ao/á comisionado/a, farase a liquidación con cargo á conta de ACF de 2021. Nesta conta xustificativa de reposición deberá achegarse unha copia do expediente completo de anticipo do exercicio anterior (impreso de liquidación de IRS, adiantos de caixeiro, xustificantes de gasto, ADO de reposición pendente de xustificar e calquera outra documentación que conste no expediente). Estas liquidacións incluíranse nunha conta xustificativa de reposición única para estes gastos.

3. Xustificación do adianto: deberá xuntarse ao expediente de gasto de 2020 a xustificación documental de realización da actividade (diploma, certificado de asistencia ou acreditación similar). Esta xustificación enviarase mediante nota interior dirixida ao Servizo de Xestión Financeira, en que se indicará o número de documento contable ADO de reposición do exercicio de 2020 onde se arquivará esa documentación.

No exercicio de 2021, ademais da liquidación do anticipo, o/a responsable do crédito deberá acreditar tamén a realización de conformidade do servizo encomendado ao/á comisionado/a.

No caso da inscrición en congresos e outras actividades formativas en que se abone unha matrícula/taxa no exercicio de 2020, cando a actividade se realizará en 2021, deberá xuntarse ao expediente de gasto de 2020 a xustificación documental da realización da actividade (diploma, certificado de asistencia ou acreditación similar).

Respecto á Instrución da Xerencia do 31/03/2020 sobre a cancelación de eventos debido á COVID-19, lembre que os gastos de ACF xustificaranse conforme ao establecido no punto 10 desta instrución se as actividades se realizan en 2021 e a documentación xustificativa de asistencia ao evento será enviada para incorporala á conta de ACF que corresponda.

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2020/003048/document?logicalId=2ab8cbc7-def5-4331-ac6e-89cae030a31f&documentCsv=KHE8CKDP4D93A5A5BN1QP5FI

Código Seguro De Verificación	Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	20/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6A1hW/xvcrqow64ySeg==		





ANEXO V. COMUNICACIÓN DO REMATE DAS OPERACIÓNS CON CARGO AO EXERCICIO DE 2020

D/D.^a responsable de asuntos económicos (RAE) do centro de gasto: (indicar o centro de gasto e o código que lle corresponde), rematou coa tramitación de expedientes de gasto con imputación ao exercicio económico de 2020 e procedeu a realizar as operacións indicadas no anexo I e a décimo quinta instrución¹⁴.

O RAE

Na data da sinatura dixital

¹⁴ Lémbrese que debe ter revisadas as aplicacións que corresponden co seu centro e ter procedido a realizar as operacións indicadas no anexo I e a décimo quinta instrución.

Código Seguro De Verificación	Zc+6AlhW/xvcrqow64ySeg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	25/10/2020 11:28:28
Observacións		Páxina	21/21
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zc+6AlhW/xvcrqow64ySeg==		

